

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 15 de novembro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

VOGAIS

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA ANA GRANJA GUILLÁN
D. GASPAR GONZÁLEZ SOMOZA
D. XESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

TÉCNICOS

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA
D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 15 de novembro de 2017 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18 de outubro de 2017, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

Propostas

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Rafael César Mera en representación de Dna. María Pilar San Martín Abalo, para arranxos varios en vivenda sita na Rúa Covadonga nº 6.3º B (Ref. Cat. 9360001NH1196S0091IA).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comúnicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 633/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Digna Cores Güimil, para arranxo de fachada na Rúa Nova da Torre nº 12 (Ref. Cat. 9966508NH1196N0001PO).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe

elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Exp. 677/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Javier Álvarez Bustamante, para arranxo de carpintería exterior e baño en vivenda sita na Rúa Méndez Núñez nº 54-3º Esda. (Ref. Cat. 9364302NH1196S0007GM).

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano (Expte. 678/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Elena Montáns Argüello en representación de COM. PROP. ALCALDE REY DAVIÑA 20, para limpeza de cano no edificio de vivendas sito na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 20 (Ref. Cat. 9463031NH1196S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 680/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Irene Nogueira Castro para reforma de cociña e baño na vivenda sita na Rúa Santa Eulalia nº 18-3º G (Ref. Cat. 9559005NH1195N0032BF)

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 682/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Eva Vidal Fernández para reforma de baño existente na vivenda situada en rúa do Freixo nº 20, Vilaxoán (Ref. Cat. 7451056NH1175S0001AG)

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 687/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Bugallo Gardón, para obras varias de reforma de acabados interiores en vivenda situada na rúa José Viqueira Barrio nº 29 (Ref. Cat. 9252643NH1195S0001GM).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 688/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Emilia Verde Andrés, para arranxo de fachadas de vivenda situada na Avda. de Pontevedra nº 40, Rubiáns (Ref. Cat. 0656806NH2105N001FF).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 689/17)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude de D. José Luís Oubiña Tourís, para legalización de cambio de material de cubrición en tellado de local comercial, sen modificación de volumen, na rúa Arcebispo Lago nº 28, baixo (Ref. Cat.: 9160911NH1196S0002GK).

Déase conta ao Departamento de Disciplina Urbanística en relación expte. D56/17, aos efectos oportunos. (Expte. 675/17)

Informar **desfavorablemente** a solicitude de Dna. Magaly Ríos López, para legalización de cerre parcial de terraza posterior en planta 1ª, na Rúa Os Duráns nº 7 – 1º A, posto que supera o fondo máximo edificable de 12 metros establecido polo PXOM.

Déase conta ao Departamento de Disciplina Urbanística en relación expte. D38/17, aos efectos oportunos. (Expte. 407/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Miguens García, para acometida á rede municipal de auga en vivenda situada no lugar de Vilar nº 36, Bamio (Ref. Cat. 9697805NH1199N0001FF), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. 654/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Gerardo García Barreiro, para acometida á rede municipal de auga en vivenda situada na rúa Veiga de Arriba nº 5, Rubiáns (Ref. Cat. 1837903NH2113N), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. 653/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Gonzalo Negro Rodríguez en representación de SOLADOS Y PAVIMENTOS DE AROSA S.L., para acometida á rede municipal

de auga de obra na Rúa Cerdeira s/n, Cornazo (Ref. Cat. 0344401NH2104S0001QT), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. 639/14)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fernando Campos Márquez en representación de GAS GALICIA SDG, S.A., para obras de acometida na rede de canalización de gas na Avda. Agustín Romero 23, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxeto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados pola obra, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.
6. **Reposicions**
Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida pola C.I.V. AXI da Sunta de Galicia (EXPTE IF205Z 2017/000064-4).
7. **Autorizacións Sectoriais**
Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida pola C.I.V. AXI da Sunta de Galicia (EXPTE IF205Z 2017/000064-4).
8. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
9. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
10. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
11. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
12. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
13. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.

14. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
15. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
16. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. según convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 159/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fernando Val López en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica na rúa Veiga de Guillán – Carril (Nº SDG: 248317070055), baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)

5. **Reposicións**

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse ao fresado **da gabia e 2 m. a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
7. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
8. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
9. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
10. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
11. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
12. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.

13. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
14. Establécese unha fianza de 500,00 €, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 566/17)

LICENZAS DE SEGREGACIONES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M^a del Carmen Lago Castromán, para segregación de parcela na Rúa Estivadas – Sobradelo (Ref. Cat. 8156031NH1185N0001JA), de conformidade co proxecto de parcelación asinado polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Wenceslao Vidal Eiras de data 12/05/2017 segundo o cal:

1º.- Pártese dunha única parcela situada na Rúa das Estivadas-Sobradelo, cunha superficie de 2.558,00 m², clasificada no PXOM de Vilagarcía como Solo de Núcleo Rural (Grado 3º) NP3. Da devandita superficie deberá cederse para a súa incorporación a viais una superficie de 490,00 m², quedando unha superficie neta de 2.068,00m².

2º.- Da parcela inicial segréganse as seguintes parcelas:

- Parcela 1, cunha superficie de 500,00 m².
 - Parcela 2, cunha superficie de 500,00 m².
 - Parcela 3, cunha superficie de 500, 00 m².
 - Parcela 4, Superficie de cesión de terreos afectados pola traza viaria de 490,00 m², e que foi obxecto de cesión mediante acta suscrita ante a Secretaria Xeral en data 17.10.2017
 - Resto da finca matriz.-. cunha superficie de 568, 00 m²
- As parcelas resultantes sitúanse integramente, segundo figura no proxecto presentado, en Solo de Núcleo Rural, séndolle de aplicación, polo tanto, os artigos 23 e ss da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a Ordenanza específica nº 11-Núcleo Periférico Grao 3º do Plan Xeral de Ordenación Municipal; e cumpren cos parámetros urbanísticos de aplicación
- A denominada no proxecto como parcela de cesión, xa foi obxecto de cesión mediante acta suscrita ante a Secretaria Xeral do Concello en data 17.10.2017, na que se procede a cesión da totalidade dos terreos afectados pola traza viaria.

En definitiva, asegúrase na memoria urbanística o cumprimento dos parámetros urbanísticos de aplicación, existindo ao respecto informe favorable do Arquitecto Técnico de data 25.10.2017.

Comunicáselle á interesada que as denominadas parcelas 1,2,3,5 resto de finca matriz, non reúnen as condicións para ser consideradas edificables por canto non reúnen as condicións sinaladas no artigo 24 da lei 2/2016 do Solo de Galicia e o artigo 36 do Regulamento da Lei do Solo.

Deberá procederse a presentar ante o Concello a inscrición no Rexistro da Propiedade da parcela de cesión. (Exp. 333/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Josefa Maneiro Álvarez, para segregación de parcela situada na Rúa Canto 7-A – Sobrán (Ref. Cat. 7643702NH1174S0001GZ), de conformidade co proxecto de parcelación asinado polo Arquitecto Técnico D. Saúl Muñiz Eiras, de agosto de 2017, segundo o cal:

1º.- Pártese dunha única parcela situada na Rúa Canto-Sobrán, cunha superficie de 1.660,00 m², clasificada no PXOM de Vilagarcía como Solo de Núcleo Rural (Grado 2º) NP2. Da devandita

superficie deberá cederse para a súa incorporación a viais una superficie de 39 m², quedando unha superficie neta de 1.621,00m².

2º.- Da parcela inicial segréganse as seguintes parcelas:

- Parcela 1, cunha superficie de 767 m².
 - Parcela 2, cunha superficie de 854,00 m².
 - Parcela de cesión, cunha superficie de 39,00 m².
- As parcelas resultantes sitúanse integramente, segundo figura no proxecto presentado, en Solo de Núcleo Rural, séndolle de aplicación, polo tanto, os artigos 23 e ss da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a Ordenanza específica nº 11-Núcleo Periférico Grao 2º do Plan Xeral de Ordenación Municipal; e cumpren cos parámetros urbanísticos de aplicación.
- A **denominada no proxecto como parcela de cesión**, xa foi obxecto de cesión mediante acta suscrita ante a Secretaria Xeral do Concello en data 7.11.2017, na que se procede a cesión da totalidade dos terreos afectados pola traza viaria.

Debera procederse a presentar ante o Concello a inscrición no Rexistro da Propiedade da parcela de cesión. (Exp. 503/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Milagros Ferreira Fandiño, vistos os informes técnico e xurídico, para ampliación de vivenda unifamiliar para garaxe, galería e piscina, na Avenida de Cornazo nº 67 (Ref. Cat. 9543215NH1194S0001RY), de conformidade co proxecto básico e de execución da Arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña (visado coa data 05/07/2017), así como autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) de data 9/06/2017, para as citadas obras. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural, Núcleo Periférico Grado 1º (NP1).
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Vivenda unifamiliar.
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 70%.
4. Orzamento de execución material: 14.700,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9543215NH1194S0001RY
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto Dna. Carolina Couselo Fariña.
Director das obras Dna. Carolina Couselo Fariña
Coordinador de Segur. e Saúde Dna. Carolina Couselo Fariña
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberanse cumprir as condicións sinaladas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas de data 9/06/2017.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Non consta aboamento do ICIO, polo que deberá darse traslado da resolución ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos. (Exp. 429/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Ana María Pérez Oubiña en representación de INVERSIONES VIDAL PÉREZ S.L., vistos os informes técnico e xurídico, para construción de edificio destinado a almacenaxe e distribución de produtos de construción, na Rúa Perrón s/n - Rubiáns (Ref. Cat. 1149911NH2114N0001MQ), de conformidade co proxecto básico e de execución do Enxeñeiro Técnico Industrial D. Pablo Sabarís Escudero (visado coa data 20/12/2016), documentación complementaria achegada (visada coa data de 26/10/2017) e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública.. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural, Núcleo Periférico Grado 1º (NP1).
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Edificio para uso industrial.
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 70%.
4. Orzamento de execución material: 74.883,70 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 1149911NH2114N0001MQ
6. Técnicos directores das obras: Enx. Téc. Ind. D. Pablo Sabarís Escudero
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Comunicáselle que, no momento de solicitar a licenza de primeira ocupación, deberá presentar no Concello certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa a favor do Concello dos terreos cedidos, libres de cargas e gravames.

No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Rematadas as obras, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Non consta aboamento do ICIO, polo que deberá darse traslado da resolución ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos. (Exp. 857/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Mariano José Pichel Gómez, en representación de GUCAMASI, S.L., para acondicionamento de local para tenda de prendas de vestir na rúa Alcalde Rey Daviña nº 6, baixo (Ref. Cat. 9463024NH1196S), de conformidade co proxecto asinado polos técnicos D. Pablo Pérez Villar (Enxeñeiro Técnico Industrial), D. Lino García Beiro (Arquitecto Técnico) e D. Victor M. García Suárez (Arquitecto), de data decembro de 2016.

Deberanse cumprir as condicións indicadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 24/10/2017:

- “- Evitarase a colocación da persiana de seguridade cega, debendo ser permeable á visión interior e situándose polo interior da carpintería.
- As letras do rótulo corporativo terán un acabado mate en consonancia co elemento catalogado.”

No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Exp. 59/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Pedro José Vaquero Moreno, en representación de BANCO SANTANDER S.A., para acondicionamento de local para oficina bancaria na rúa Valentín Viqueira nº 5, planta baixa e planta 1ª, de conformidade co proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Dna. Alejandra Fernández-Gago Longueira, visado con data 27/06/2016, e anexo ao proxecto presentado con data 14/07/2017.

Deberanse cumprir as condicións indicadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 24/10/2017:

“- O despece da porta de acceso deberá manter a simetría distribuíndo, se é necesario, as particións fixas aos dous lados da porta.”

No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Exp. 457/16)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan García Farre., para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de cafetería a emprazar na rúa San Roque, 12 Bx., baixo as seguintes prescripcións:

a) O nivel de ruído transmisíble ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisíble ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 26/10/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) Aforo do local: 35 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 01/06/2017.

d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.

e) **TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.**

f) **NON SE INSTALARÁ COCIÑA OU SIMILAR.**

g) O aparato de son actualmente existente (UNHA TELEVISION) modelo e marca SHARP LC-60LE652E, con nº de serie: 309020380, foi precintada pola Policía Local con data 27/09/2017 a 69.9 dB(A), para un máxmo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro do citado aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.

h) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é decir, á TELEVISION SHARP E O LIMITADOR DE SON, ao que fai referencia o apartado g) anterior, sen previa autorización do Concello.

i) **NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**

j) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN**, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade

Autónoma de Galicia.

k) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

l) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).

m) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

n) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

ñ) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010).

(Expte.: ACTCLA/2017/000031-TRANS.ESPECT).

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Miguel Ángel Jareño Doblado, para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de café-bar a emprazar na rúa Manuel Antonio, 10 Bx., baixo as seguintes prescricións:

a) O nivel de ruído transmisíbel ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisíbel ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007, de conformidade co informe emitido con data 26/10/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) Aforo do local: 28 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 23/06/2017.

d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.

e) TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.

f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroke co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.

g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.

h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

i) Entregarán os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.

j) Os aparatos de son actualmente existentes (TRES TELEVISIONS E UN FIO MUSICAL) modelos e marcas LG 50PN450B-ZA, LG 32LG2100-ZA, SAMSUNG UE42F5000AW e EIS con nºs de series: 401MAEG8A668, 906MAXSOM402, B5MG3HDDA02695V e NON SE VE, foron precintada pola Policía Local con data 27/09/2017 a 64.9 dB(A), 69.1 dB(A), 68.9 dB(A) e 69.4 dB(A), respectivamente, para un máxmo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro do citado aparato ao seu máxmo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.

k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente aos actuais, é decir, ás TRES TELEVISIONS (DUAS LG E UNHA SAMSUNG), O FIO MUSICAL EIS E O LIMITADOR DE SON, ao que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.

l) NON SE PODERÁ EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.

m) NON PODERÁ OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada

momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).

o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

q) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010).

(Expte.: ACTCLA/2017/000046-TRANS.RXP).

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José M^a Remírez de Esparza Lindner en representación de PAZO DA GOLPELLEIRA S.L., para apertura de establecemento e desenvolvemento da actividade de salas polivalentes e multiusos – celebracións de eventos a emprazar na Avda. López Ballesteros nº 20, a Torre, baixo as seguintes prescricións:

a) O nivel de ruído transmisíbel ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisíbel ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respectarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007.

c) Non se sobrepasarán os 80 dB(A) no interior do local, de conformidade co informe emitido polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial con data 27/10/2017

d) Traballará coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada.

e) Aforo do local: 299 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 22/08/2017

f) NON INSTALARÁ EQUIPOS REPRODUCTORES DE SON (TELEVISION, EQUIPO DE MUSICA, ETC), TAL COMO MANIFESTA NO ESCRITO PRESENTADO POLO INTERESADO CON DATA 25/09/2017 (R/E nº 12425-Xerencia Urbanismo) E, DE CONFORMIDADE CO INFORME EMITIDO POLA POLICIA LOCAL CON DATA 09/10/2017.

g) NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.

h) NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

j) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).

m) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

k) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

l) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010). (Expte.: ACTCLA/2017/000066-RXP).

ASUNTOS VARIOS

Informar favorablemente a solicitude realizada por D. Benito Mondragón Casal de transmisión de licenza municipal de acometida e enganche á rede de auga na Travesía de Salgueiral nº 3, Bamio, a favor de Dona Virtudes Mondragón Casal, quedando condicionada ao cumprimento das condicións da licenza orixinaria en todos os seus puntos, e sen prexuízo das facultades de inspección que o Concello poida exercer en calquera momento. (Expt. 490/17)

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Informar favorablemente a solicitude da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para mellora do ximnasio do IES Castro Alobre situado na Rúa San Roque (S/Exp. 2017/10/94), de conformidade co proxecto técnico redactado polo Arquitecto D. Francisco Galiñanes Chaves, supervisado polo efe de Servizo da Unidade Técnica da Consellería de cultura de data 27/09/2017, sendo nomeados:

- Director de obra: D. Francisco Galiñanes Chaves.
 - Director de execución material: Dna. Mirian Abal Abal.
- Coordinador de seguridade e saúde: Dna. Mirian Abal Abal.

Déase conta ao Departamento de Rendas aos efectos de facturación de Taxa Licencias Urbanísticas e ICIO, xa que non figuran no expediente. (Exp. 660/17)

Informar favorablemente a solicitude da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para acondicionamento de espazos e instalacións para comedor escolar no CEIP O PIÑEIRIÑO sito na Rúa Adolfo Pedrido Morla nº 1 (S/Exp. 2017/10/77), de conformidade co proxecto técnico redactado pola Arquitecta Dna. M^a Dolores Blanco Pouso, supervisado polo efe de Servizo da Unidade Técnica da Consellería de cultura de data 13/10/2017, sendo nomeados:

- Director de obra: D. Rafael Bouza Bello.
 - Director de execución material: D. José Manuel Tanoira Picallo.
- Coordinador de seguridade e saúde: Dna. Mirian Abal Abal.

Déase conta ao Departamento de Rendas aos efectos de facturación de Taxa Licencias Urbanísticas e ICIO, xa que non figuran no expediente. (Exp. 691/17)

Informar favorablemente a cesión de canalizacións eléctricas soterradas executadas polo Concello na rúa Ibérica de Carril, a favor de Unión Fenosa Distribución S.A. para atender a solicitude de subministro eléctrico a vivendas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.